

Resolución do 11 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a realización de proxectos promovidos pola xuventude no exercicio 2010.

O Estatuto de autonomía de Galicia recoñece ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego. A Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, establece o carácter de comunidades galegas das entidades asociativas sen ánimo de lucro, validamente constituídas e con personalidade xurídica no territorio en que se atopan asentadas, que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia.

No Decreto 79/2009, do 19 de abril, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da comunidade autónoma a que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude e as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como a elaboración e xestión de programas de axudas e subvencións nas áreas formativas e culturais e aqueles outros dirixidos á dinamización e á capacitación da xuventude integrada nesas comunidades galegas no exterior.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, desconcentra no secretario xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Esta resolución abrangue as bases reguladoras e a convocatoria anual, para o exercicio 2010, das axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a realización de proxectos promovidos pola xuventude. Tendo en conta que é preciso adoptar medidas que reforcen a participación da mocidade en actividades sociais, culturais e formativas, o obxectivo desta convocatoria é implicar e facer partícipe a xuventude vinculada aos colectivos de galegos residentes no exterior na realización de proxectos creativos, formativos, de participación e de intercambio cultural que fomenten a integración dos mozos e mozas nas estruturas orgánicas das entidades galegas no exterior, propiciando deste xeito a renovación xeracional.

O procedemento de concesión das axudas e subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, respectando os principios de publicida-

de, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación, aos cales se debe axustar a xestión das subvencións e axudas outorgadas polas administracións públicas.

En virtude do exposto, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da referida lei 9/2007; nos preceptos básicos da Lei 33/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa de aplicación, logo de informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria de subvencións e bases reguladoras.

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo, polas cales se rexerá a convocatoria da Secretaría Xeral da Emigración das axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a realización de proxectos promovidos pola xuventude no exercicio 2010.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

Artigo 2º.-Prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta e cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 3º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

O prazo máximo para resolver será de seis meses, que comezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Imputación orzamentaria.

Para a concesión das axudas previstas nesta resolución resérvase inicialmente un crédito total de 122.150 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.312C.481.0.-Axudas a entidades no ámbito das migracións, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. A devandita contía poderase incrementar de acordo coas disponibilidades orzamentarias e como consecuencia das circunstancias sinaladas no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 5º.-Régime de recursos.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2010.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a realización de proxectos promovidos pola xuventude no exercicio 2010

Programa de axudas para a realización de proxectos promovidos pola xuventude.

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade das axudas.

Este programa ten por obxecto a realización de proxectos promovidos pola xuventude durante o exercicio 2010.

Ao abeiro deste programa trátase de implicar e facer partícipe a xuventude vinculada aos colectivos de galegos residentes no exterior na realización de proxectos creativos, formativos, de participación e de intercambio cultural que fomenten a integración dos mozos e mozas nas estruturas orgánicas das entidades galegas no exterior, propiciando deste xeito a renovación xeracional.

Poderanse subvencionar as actividades realizadas polas entidades galegas coa participación dos mozos e mozas e en favor dos membros da colectividade ata os 30 anos de idade, referidas a:

1. Formación específica dos mozos e mozas na xestión das entidades galegas e das institucións e asociacións sen fins de lucro. Habilidades directivas.

2. Intercambios xuvenís de grupos de mozos e mozas pertencentes ás comunidades galegas para a realización de actividades culturais, musicais, deportivas e sociais.

3. Formación específica dos mozos e mozas para o coñecemento e emprego das novas tecnoloxías da comunicación.

4. Promoción de actividades deportivas, en calquera especialidade, e fomento das escolas deportivas para a promoción do deporte de base.

5. Creación e apoio de grupos de teatro, música e danza.

6. Realización de actividades culturais (cursos, ciclos de conferencias, mostras, ciclos de cine galego ou de teatro, concertos) destinadas especifica-

mente ao colectivo de mozos e mozas da colectividade.

7. Creación de foros de debate e intercambio cultural entre mozos da emigración e mozos galegos, así como entre intelectuais, científicos e expertos en diversos eidos de Galicia e do país onde estes foros teñan lugar.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galegitude de conformidade coa Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, ou a súa condición de centro colaborador mediante resolución aprobatoria ditada pola Secretaría Xeral da Emigración ao abeiro da disposición adicional única do Decreto 195/1991, do 30 de maio, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no exterior, legalmente constituídas e que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior. Entenderase que a entidade solicitante cumpre este requisito se acredita documentalmentemente a realización continua de accións de difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior, como mínimo durante os últimos tres anos.

Estas entidades deberán contar cunha sección ou comisión xuvenil legalmente constituída nos seus órganos de goberno ou ben dispoñer dun grupo de mozos e mozas constituído para o efecto, capaces de xestionar e desenvolver as finalidades obxecto de subvención.

Artigo 3º.-Solicitudes.

Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo I desta resolución, e que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 7º das bases reguladoras.

A través do formulario proporciónanse á Secretaría Xeral da Emigración datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para ese efecto procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, non obstante, a Secretaría Xeral da Emigración revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercitarse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e o-

sición por escrito, achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo, edificios administrativos rúa dos Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atoparse na Guía do cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.-Lugar de presentación das solicitudes.

As solicitudes de axudas e subvencións dirixiránse ao órgano competente, Secretaría Xeral da Emigración (rúa dos Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela-A Coruña), e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 5º.-Consentimentos e autorizacións.

1. A presentación da solicitude de concesión desta axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos nas solicitudes deste programa serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. As entidades solicitantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Secretaría Xeral da Emigración como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé da solicitude.

Artigo 6º.-Documentación.

1. A documentación presentada polos beneficiarios, tanto na fase de solicitude como na fase de xus-

tificación, deberá ser asinada polos representantes legais da entidade, das institucións ou asociacións solicitantes.

2. En casos excepcionais, cando no tráfico xurídico mercantil do país en que a entidade teña o seu domicilio social non estea implantado o sistema bancario ou presente especiais dificultades por non estar xeneralizado, por ser excesivamente gravoso ou/e por non ofrecer garantías de estabilidade e seguridade, as entidades solicitantes poderán quedar exentas de presentar a certificación bancaria exixida como documentación preceptiva para cada programa previsto nesta resolución.

Artigo 7º.-Documentación que se presentará coa solicitude.

As entidades interesadas en concorrer ás axudas e subvencións obxecto deste programa deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado, que figura como anexo I desta resolución.

b) Memoria explicativa que recolla as actividades promovidas e dirixidas á xuventude que se pretenden realizar neste ano, as súas datas e os lugares previstos de celebración. Esta memoria será elaborada e asinada polo responsable da sección xuvenil ou do grupo de mozos organizadores das actividades co visto e prace do representante legal da entidade.

c) Orzamento detallado que recolla o custo previsto de realización das actividades para as que se solicita subvención.

d) Información completa sobre a identidade, currículo e experiencia de cada un dos mozos organizadores da actividade, así como número e características dos posibles beneficiarios das accións previstas.

e) Certificación do representante legal da entidade, acreditativa de que os mozos e mozas que presentan o proxecto forman parte das seccións ou comisións xuvenís da entidade ou foron nomeados pola xunta directiva para o total desenvolvemento do proxecto.

f) Se é o caso, certificación do representante legal da entidade, acreditativa da presenza de mozos e mozas menores de 30 anos nos órganos directivos da entidade solicitante, debendo constar e cargo que ocupa na entidade, e o consentimento destes para os efectos de tratamento dos seus datos persoais.

g) Declaración do conxunto das subvencións solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade para que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado que figura como anexo II desta resolución.

h) Declaración expresa de non estaren incursos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo II).

i) Declaración en que conste que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributa-

rias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade ou se producise algún cambio.

k) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, catastro, ...), sempre que non fose presentado con anterioridade.

l) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para seren beneficiarias das axudas, informe asinado polos representantes legais de entidade en que se describan detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos e os importes investidos, referidas á difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 8º.-*Procedemento de concesión e instrución.*

1. O procedemento para a tramitación e concesión das subvencións que se convocan por esta resolución axustarase ao procedemento de concorrencia competitiva previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da referida Lei 9/2007 e demais normativa de aplicación.

2. De acordo co establecido no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta resolución, o órgano competente requirirá a entidade solicitante para que a repare no prazo máximo e improrrogable de dez días, e indicarlle que, se non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O órgano instrutor será o/a subdirector/a xeral de Centros e Comunidades Galegas ou persoa funcionaria da subdirección en que delegue

4. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado que formulará a correspondente proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor. O devandito órgano colexiado estará formado polos seguintes membros:

-O/a xefe/a do Servizo de Promoción dos Centros e Comunidades Galegas.

-O/a xefe/a do Servizo de Tramitación de Axudas aos Centros e Comunidades Galegas.

-Un/unha funcionario/a da subdirección que actuará como secretario/a.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión de avaliación, poderá ser substituído pola persoa que para o efecto designe o secretario xeral da Emigración.

5. Os expedientes serán avaliados, segundo os criterios sinalados, polo órgano colexiado establecido no número anterior, que deberá emitir informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

6. Como resultado da aplicación dos criterios establecidos nesta resolución obterase unha relación ordenada de todas as solicitudes que cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras, ordenada segundo a puntuación obtida, para os efectos da concesión da subvención.

7. O órgano instrutor, o/a subdirector/a xeral de Centros e Comunidades Galegas, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución, que se presentará ao secretario xeral da Emigración, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias e por orde da puntuación obtida dos solicitantes. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes na orde de puntuación.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

As solicitudes presentadas serán obxecto de valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Interese xeral do programa e calidade técnica, atendendo á finalidade para a que se solicita a axuda nesta resolución e ao seu carácter innovador; así mesmo valorarase a importancia e repercusión das actividades xuvenís realizadas pola entidade solicitante nos tres últimos anos, ata 45 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

1.1. Finalidade para a que se solicita a axuda, ata 25 puntos. Se a finalidade se refire exclusivamente ao programa anual de actividades de formación, de intercambio ou deportivas, 25 puntos. Para as demais actividades, 15 puntos. No caso de que presenten varias finalidades, a valoración será proporcional.

1.2. Carácter innovador dos programas. Valorarase a aplicación de criterios innovadores na xestión dos recursos que melloren a eficiencia e a calidade das prestacións, ata 20 puntos.

2. Repercusión das actividades xuvenís realizadas pola entidade solicitante nos tres últimos anos, ata 20 puntos. Valorarase o número de mozos e mozas participantes nas actividades así como a incidencia destas actividades no incremento da participación dos mozos e mozas na vida asociativa das entidades.

3. Grao de difusión dos valores e do patrimonio cultural galego que poidan ter as actividades para as cales se solicita a subvención: ata 15 puntos.

4. Grao de integración de mozos e mozas nas estruturas orgánicas da entidade solicitante e grao de participación nas accións proxectadas: ata 15 puntos.

5. Nivel de financiamento por outras fontes distintas á da subvención solicitada á Secretaría Xeral da Emigración: fondos propios da entidade, outras subvencións e outras vías de financiamento: ata 10 pun-

tos. Obterán a máxima puntuación aquelas entidades que presenten un nivel de financiamento por outras fontes superior ao 65%, aquelas que non presenten ningún financiamento por outras fontes obterán 0 puntos e as demais proporcionalmente.

6. Emprego da lingua galega na realización das actividades: ata 10 puntos.

6.1. Utilización exclusiva da lingua galega, 10 puntos.

6.2. Utilización compartida da lingua galega con outras linguas, 5 puntos.

Artigo 10º.-Resolución.

As resolucións serán ditadas polo secretario xeral da Emigración e notificadas aos interesados. A Secretaría Xeral da Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións de contía igual ou superior a 3.000 euros concedidas a través desta convocatoria, indicando o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade para a cal se outorgou a axuda.

Ademais, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web www.galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e para a súa publicación na citada páxina web.

Artigo 11º.-Xustificación.

1. A acción subvencionada deberá ser executada e xustificada antes do 15 de novembro de 2010, agás causa xustificada que será avaliada pola Secretaría Xeral da Emigración.

2. Previamente ao pagamento do importe da subvención concedida, sen prexuízo da posibilidade de efectuar pagamentos á conta segundo o disposto no artigo 13 desta resolución, os beneficiarios de axudas deberán remitirle á Secretaría Xeral da Emigración, antes do prazo sinalado, a seguinte documentación xustificativa:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das accións realizadas e dos resultados obtidos.

b) Factura ou facturas orixinais, ou ben fotocopias cotexadas por funcionario público competente, acreditativas dos gastos subvencionables.

A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

c) Certificación do representante legal da entidade beneficiaria, en que conste que cada unha das facturas presentadas como xustificación corresponden a gastos realizados pola entidade en execución das accións subvencionadas.

d) Relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acreedor e do nº de documento, o seu concepto, o seu importe, e a data de emisión (pode utilizarse o modelo que figura como anexo III desta resolución).

e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas -tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución- para as mesmas accións para as se concedeu a subvención, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou entidades privadas, segundo o modelo normalizado que figura como anexo IV desta resolución.

f) Declaración asinada polo representante legal da entidade, segundo a desagregación que aparece no anexo IV desta resolución, que acredite o financiamento das accións subvencionadas que foron realizadas (pode usarse o modelo que figura no referido anexo IV).

g) Declaración responsable de que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia (pode usarse o modelo que figura como anexo IV á presente resolución).

h) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

3. Xustificación simplificada. Para aquelas subvencións concedidas por un importe inferior a 30.000 € a xustificación conterá a seguinte información:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das accións realizadas e dos resultados obtidos.

b) Relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acreedor e do número de documento, o seu concepto, o seu importe, e a data de emisión. (pode utilizarse o modelo que figura como anexo IV desta resolución).

c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o modelo normalizado que figura como anexo IV desta resolución.

d) Declaración responsable de que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia (pode usarse o modelo que figura como anexo IV á presente resolución).

e) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

4. De acordo co establecido no artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en relación co establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola entidade beneficiaria, porao no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días para a súa corrección. A falta de presentación da documentación requirida no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención.

5. De conformidade co establecido no artigo 29.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que sexa debidamente certificado e xustificado mediante a presentación das correspondentes facturas ou documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil.

Artigo 12º.-*Concurrencia de axudas.*

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra que puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concurrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo o beneficiario.

Artigo 13º.-*Pagamento.*

1. Unha vez resolto o expediente e, para acadar unha maior operatividade deste tipo de axudas e por tratarse de entidades sen ánimo de lucro, poderán efectuarse pagamentos a conta ou acordarse anticipos dos importes concedidos ata a contía máxima permitida de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, suxeitos aos requisitos que se establecen nesta lei e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. O resto do importe librarase no momento de completar a xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a axuda e demais condicións exixidas nesta resolución

2. De conformidade co establecido no artigo 65.4º e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias desta resolución non estarán obrigadas a constituír garantía.

Artigo 14º.-*Requirimentos.*

De acordo co artigo 60 da Lei 30/1992, a realización dos requirimentos que procedan poderanse efectuar por medio de publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web galiciaaberta.com.

A eficacia dos citados requirimentos será a partir das devanditas publicacións. Sen prexuízo do anterior, a Secretaría Xeral da Emigración poderá comunicar os requirimentos ao enderezo de correo electrónico, sempre que se indique na solicitude. Así mesmo, debe significarse que os prazos de dez días computaranse desde a publicación na páxina web

indicada dos requirimentos e non desde a súa comunicación.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Con carácter xeral, os beneficiarios das axudas e subvencións correspondentes ao programa convocado pola presente resolución quedan obrigados a:

1. Realizar a actividade ou comportamento que fundamente a concesión da subvención.

2. Someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolla a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións da Xunta de Galicia, en concreto as recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar o departamento concedente, ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizadores do Consello de Contas e do Tribunal de Contas.

3. Comunicar á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos.

5. Se, por calquera motivo, a actuación programada non se puiden realizar, deberáselle comunicar á Secretaría Xeral da Emigración, que poderá dispoñer do citado crédito para subvencionar proxectos inicialmente non atendidos ou aumentar a axuda doutros subvencionados parcialmente.

6. Non debe considerarse que incorre en incumprimento o beneficiario que realice parcialmente o proxecto ou actividade que é obxecto da subvención por falta de financiamento propio, sempre que a actividade subvencionada sexa esencialmente divisible e poida considerarse cumprida a finalidade que fundamentou a concesión da subvención.

7. As entidades beneficiarias de axudas ou subvencións recollidas nesta resolución quedarán obrigadas á difusión do financiamento por parte da Secretaría Xeral da Emigración nos actos, documentación e publicacións que realicen, por calquera medio, con motivo da actuación subvencionada.

Artigo 16º.-*Modificación da resolución de concesión e revogación.*

1. As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a comunicar á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das accións subvencionadas. A Secretaría Xeral poderá adoptar a resolución de modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

2. Unha vez ditada a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar, antes de que conclúa o prazo para a realización das accións, a modificación do seu contido, de concorreren circunstancias que alterasen substancialmente as condicións tidas en

conta para a concesión da subvención a criterio da Secretaría Xeral da Emigración.

Artigo 17º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. De acordo co artigo 14.1º n) da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concede a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitárase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a revogación das axudas e subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 33 e seguintes, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Devolución voluntaria. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e cando proceda o reintegro da subvención, a entidade beneficiaria poderá devolver voluntariamente os pagamentos percibidos mediante o seu ingreso na correspondente conta bancaria da Secretaría Xeral da Emigración. O importe da devolución incluírá os xuros de mora previstos legalmente ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte da entidade.

5. Aos/As beneficiarios/as das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 18º.-Réxime de recursos contra as resolucións ditadas.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co disposto na

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación, no caso de resolucións expresas, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 19º.-Control e comprobación.

1. A Secretaría Xeral da Emigración poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo 11.3º desta resolución, e de acordo co artigo 57 do Decreto 11/2009, a comprobación formal para a liquidación da subvención poderá limitarse aos documentos establecidos nas alíneas 2º a), d), e) e g) do devandito artigo 11. Neste suposto a revisión das facturas ou documentos de valor probatorio análogo que, se é o caso, formen parte da conta xustificativa deberán ser obxecto de comprobación nos catro anos seguintes.

4. No caso de xustificación simplificada, a Secretaría Xeral da Emigración, a través das técnicas de mostraxe que determine o secretario xeral da Emigración e de acordo cos requisitos que para estes efectos determine a Consellería de Facenda, comprobará os xustificantes que considere oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención; para este fin poderase requirir do beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

Artigo 20º.-Publicidade.

De conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario/a, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, esta relación será obxecto de publicación na páxina web desta secretaría xeral, www.galiciaaberta.com.

Artigo 21º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e demais normativa que a desenvolva.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS PROMOVIDOS POLA XUVENTUDE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR924H	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI OU NIF	
ENDEREZO PARTICULAR		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	CARGO NA ENTIDADE

ENTIDADE QUE REPRESENTA

NOME		NIF, CIF, RIF, CUIT...	
ENDEREZO		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	FAX
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓNS		TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS	
CORREO ELECTRÓNICO			

BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

--

FINALIDADE E IMPORTE DA SOLICITUDE

<input type="checkbox"/> INTERCAMBIOS XUVENÍS	<input type="checkbox"/> CREACIÓN GRUPOS DE TEATRO, MÚSICA E DANZA
<input type="checkbox"/> FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS DE COMUNICACIÓN	<input type="checkbox"/> REALIZACIÓN ACTIVIDADES CULTURAIAS
<input type="checkbox"/> ACTIVIDADES DEPORTIVAS/FOMENTO ESCOLAS DEPORTIVAS	<input type="checkbox"/> CREACIÓN FOROS DEBATE E INTERCAMBIO CULTURAL
IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SOLICITA (EN EUROS)	
<input type="text"/>	

FORMA DE PAGAMENTO

CERTIFICACIÓN BANCARIA: <input type="checkbox"/> PRESÉNTASE CERTIFICACIÓN BANCARIA <input type="checkbox"/> XA FOI PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
MOTIVO POLO QUE NON SE ACHEGA: <input type="text"/>

CUSTO DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

CONCEPTO		IMPORTE (EN EUROS)
A) CUSTO:	1) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	2) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	3) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	TOTAL CUSTO ESTIMADO:	<input type="text"/>
B) FINANCIAMENTO:	1) POR CONTA DA ENTIDADE:	<input type="text"/>
	2) AXUDAS DOUTRAS INSTITUCIÓNS OFICIAIS:	<input type="text"/>
	3) OUTROS:	<input type="text"/>
	4) AXUDA SOLICITADA Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN:	<input type="text"/>
	TOTAL FINANCIAMENTO PREVISTO (IGUAL AO CUSTO ESTIMADO)	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA COA SOLICITUDE (MARCAR CUN X O QUE CORRESPONDA)

MEMORIA EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS E DIRIXIDAS Á XUVENTUDE QUE SE PRETENDEN REALIZAR NESTE ANO (INCLUÍNDO DATAS E LUGARES DE REALIZACIÓN)

ORZAMENTO DETALLADO (CUSTO PREVISTO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS)

INFORMACIÓN DA IDENTIDADE, CURRÍCULO E EXPERIENCIA DOS MOZOS ORGANIZADORES, ASÍ COMO O NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DOS POSIBLES BENEFICIARIOS DAS ACTIVIDADES PREVISTAS.

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE QUE OS MOZOS ORGANIZADORES FORMAN PARTE DAS SECCIÓNS OU COMISIÓNS XUVENÍS DA ENTIDADE, OU DE QUE FORON NOMEADOS POLA XUNTA DIRECTIVA PARA ESTE PROXECTO

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA PRESENZA, SE É O CASO, DE MOZOS/AS MENORES DE TRINTA ANOS NOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E OS SEUS DATOS

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS E/OU SOLICITADAS

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA

DECLARACIÓN EN QUE CONSTE QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ENCONTRA AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E DE SEGURIDADE SOCIAL, E QUE NON TEN DÉBEDAS PENDENTES COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA

FOTOCOPIA DO NIF, CIF, RIF... DA ENTIDADE

Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

CERTIFICAMOS A VERACIDADE DE TODOS OS DATOS CONTIDOS NESTA SOLICITUDE E DECLARAMOS QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ENCONTRA AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E DE SEGURIDADE SOCIAL, ASÍ COMO QUE NON TEN DÉBEDAS PENDENTES COA COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORÉN, DE SER NECESARIO, AUTORIZÁSE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN PARA QUE SOLICITE E CONSIGA DOS ORGANISMOS CORRESPONDENTES A INFORMACIÓN NECESARIA AO RESPECTO.

Lugar e data

, de de 20

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE/A OU O/A
REPRESENTANTE LEGAL

(SELO DA ENTIDADE)

O/A SECRETARIO/A

Asdo.:

(NOME E APELIDOS)

Asdo.:

(NOME E APELIDOS)

ANEXO II

DECLARACIÓNS NA FASE DE SOLICITUDE

ENTIDADE GALEGA QUE REALIZA AS DECLARACIÓNS:

PROGRAMA:

ACCIÓN PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN:

1) DECLARACIÓN DE AXUDAS:

O SECRETARIO DA ENTIDADE **DECLARA** QUE ESTA TEN SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLOS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS QUE SE INDICAN AS SUBVENCIÓNS QUE SE SINALAN, **PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DA ACCIÓN REFERENCIADA**, ademais da solicitada á Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia:

(IMPORTES EN EUROS)

Admón. pública ou organismo a que se solicitou ou polo que se concedeu subvención	Importe solicitado pendente de conceder (€)	Importe concedido (€)

(*)

(*) No caso de non ter solicitada ou concedida ningunha outra subvención para a mesma acción, deberá manifestalo expresamente neste recadro.

2) DECLARACIÓN EXPRESA:

O secretario da entidade **declara** expresamente que esta non está incurso nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lugar e data

_____, de _____ de 20____

O/A SECRETARIO/A

(SELO DA ENTIDADE)

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE/A OU O/A
REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.: Asdo.:

ANEXO III

RELACIÓN DAS FACTURAS E DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DO GASTO REALIZADO					
Entidade: <input type="text"/>					
Programa: <input type="text"/>					
Nº orde	Data	Nº fact.	Empresa ou entidade emisora	Concepto (*)	Importe (IVE incluído)
1	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
7	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
8	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
9	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
10	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
11	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
12	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
13	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
14	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
15	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
16	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
17	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
18	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
19	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
20	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
21	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
22	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
23	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
24	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
25	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
26	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
27	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
28	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
29	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
30	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
(*) Indíquese en cada factura a cal das finalidades subvencionadas corresponde.				Total (en moeda nacional)	<input type="text"/>
				Total (en euros)	<input type="text"/>
CERTIFICO que todas as facturas que aparecen na relación anterior, presentadas como documentación xustificativa, corresponden aos gastos realizados neste ano pola entidade en execución das accións subvencionadas. <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de 20____					
O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE			VISTO E PRACE O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE OU O/A REPRESENTANTE LEGAL		
Asdo.:			Asdo.:		
Páx. <input type="text"/>					

ANEXO IV

DECLARACIÓN NA FASE DE XUSTIFICACIÓN

ENTIDADE GALEGA QUE REALIZA AS DECLARACIÓNS:

PROGRAMA:

ACCIÓN PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN:

1) DECLARACIÓN DE FINANCIAMENTO:

O SECRETARIO DA ENTIDADE **DECLARA** QUE O FINANCIAMENTO DAS ACCIÓNS SUBVENCIÓNADAS QUE FORON REALIZADAS SE FIXO DO SEGUINTE XEITO:

(IMPORTES EN EUROS)

Importe a cargo da entidade	
Axudas doutras institucións oficiais	
SubVENCIÓN da Secretaría Xeral da Emigración	
Outras fontes de financiamento	
Concepto:	
Total financiamento	

2) DECLARACIÓN DE AXUDAS:

O SECRETARIO DA ENTIDADE **DECLARA** QUE ESTA TEN SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLOS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS QUE SE INDICAN AS SUBVENCIÓNS QUE SE SINALAN, **PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DA ACCIÓN REFERENCIADA, ademais da solicitada á Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia:**

(IMPORTES EN EUROS)

Admón. pública ou organismo a que se solicitou ou que concedeu subVENCIÓN	Importe solicitado pendente de conceder	Importe concedido

(*)

(*) No caso de non ter solicitada ou concedida ningunha outra subVENCIÓN para a mesma acción, manifestalo expresamente neste recadro.

3) DECLARACIÓN EXPRESA:

O secretario da entidade **declara** expresamente que a entidade solicitante está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Lugar e data

_____, de _____ de 20____

O/A SECRETARIO/A (Selo da entidade)

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE/A OU O/A REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.: Asdo.: